



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 2350/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Accións de Carácter Cultural/ Acciones de Carácter Cultural

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Visto que os municipios exercen dentro das súas competencias e no seu ámbito territorial o fomento e promoción dos programas xerais do deporte, especialmente o deporte en idade escolar, según o artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Visto que según o artigo 2.2. da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, o deporte considerase de interese público para a nosa Comunidade Autónoma, e según o artigo 2 da Lei 39/2022, de 31 de decembro de 2022, do Deporte, o deporte e a actividade física considérase unha actividade esencial a nivel estatal.

Visto que a actividade física e deportiva, entre outros moitos beneficios, é un pilar fundamental tanto na formación dos nosos menores, como no mantemento e mellora da saúde de toda a poboación, permitindo a ocupación dun xeito activo o tempo de lecer.

Visto, por un lado o interese municipal, e por outro a necesidade da cidadanía, especialmente da poboación escolar, de que se de poñan en marcha un dos piares do programa deportivo local, as Escolas Deportivas Municipais 2025-26.

Visto o informe do técnico municipal de deportes con código seguro de verificación 54M9KDKLRLCLWSLCS5KCDJE29 e data **16/06/2025**, no que se informa favorablemente acerca das bases que rexerán as escolas deportivas municipais 2025-26.

Visto que con motivo de optimizar o traballo de coordinación do servizo de deportes de cara a tempada 2025-26, o que derivará nunha maior eficacia desta administración é necesario adoptar unha resolución para aprobar as bases, así como para poñelas en coñecemento dos interesados coa maior antelación posible.





Visto que por Decreto da Alcaldía 2025-0614 de data 16/06/2025 procedeuse á aprobación das Bases Reguladoras das Inscripcións nas Escolas Deportivas Municipais 2025-26.

Visto que na oferta deportiva do anexo apréciase a existencia dun erro na modalidade de ximnasia rítmica, posto que se di que no curso 2025-26 os horarios serán os seguintes:

- “16:30 – 17:30
- 17:30 – 18:30”

Visto que se trata dun erro de feito, posto que debería dicir:

- “17:00 – 18:00
- 18:00 – 19:00”

Visto o contido do artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que permite á administración rectificar en calquera momento os erros materiais de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

Considerando o disposto no artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal a tramitación de expedientes nas Corporacións locais deberá simplificarse sempre que sexa posible.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1070 de 30 de xuño de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/1070 de 30 de junio de 2025.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

Tendo en conta o anteriormente exposto e considerando que a aprobación das presentes bases dunha actividade deportiva é competencia da Alcaldía da Corporación, **resolvo**:

Primeiro. Rectificar o erro de feito existente na oferta deportiva do anexo nos horarios da modalidade de ximnasia rítmica segundo o Decreto da Alcaldía 2025-0614 de data 16/06 /2025 quedando redactado da tal xeito que onde dí:

- “16:30 – 17:30
- 17:30 – 18:30”





Debe dicir:

- “17:00 – 18:00
- 18:00 – 19:00”

Segundo. Aprobar as Bases Reguladoras das Inscricións nas Escolas Deportivas Municipais 2025-26 que figuran como anexo á presente resolución.

Terceiro. Publicar ditas Bases, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e na web municipal para o seu coñecemento por parte da veciñanza.

Cuarto. Dar conta da presente Resolución ao Pleno así como aos servizos municipais responsables da súa tramitación.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**





Concello de Vilalba

BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2025-26.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición nas Escolas Deportivas Municipais 2025-26, programa fundamental no promoción do deporte en idade escolar e da actividade física saudable para toda a poboación.

Ademáis estas bases regularán as situacións que se poidan producir durante o desenvolto destas actividades deportivas municipais.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polos seguintes medios:

- Na páxina web municipal: <https://www.vilalba.gal/>
- No taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es/board>

Asimesmo, poderase obter información no teléfono 982510761 e no correo electrónico do Servizo Municipal de Deportes (SMD) deportes@vilalba.es

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida a todas as persoas interesadas en inscribirse nalguna das actividades especificadas no **punto 6** destas Bases, tendo preferencia de participación a veciñanza empadroada no Concello de Vilalba, no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas.

3. INSCRICIÓN

3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

De xeito xeral establécense 2 períodos de inscrición:

- Do **10 ao 19 de setembro de 2025.**
- **Durante o resto do curso, unha vez iniciado o mesmo e sempre que existan prazas vacantes.**

3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Preferentemente de xeito telemático por algunha das seguintes canles:

- A través do trámite específico na sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es>
- A través da web de aluguer de instalacións e inscrición en actividades <https://app.sporttia.com/scs/1528/profile>

Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

Tamén de forma presencial:

- No rexistro xeral do Concello de Vilalba nas oficinas xerais no 1º andar de 9:00 a 14:00 horas.

3.3. PAGO DA TAXA

O alumnado deberá pagar a taxa por prestación de servizo público correspondente según a Ordenanza Fiscal N.º 33:

- Veciños do termo municipal actividades no medio urbano: **90 €/ano**
- Veciños do termo municipal actividades no medio rural: **45 €/ano**
- Persoas de fóra do termo municipal: **180 €/ano**

O pago da taxa realizarase por **domiciliación bancaria** nun **pago fraccionado en 2 prazos** mediante orde da tesourería municipal con cargo ao número de conta proporcionado polo alumnado, cubrindo o espazo do formulario destinado a tal efecto así como adxuntando un certificado do número de conta no momento da inscrición.

A data prevista dos pagos, é **xaneiro** para o primeiro cuatrimestre e **maio** para o segundo cuatrimestre.

3.4. LIMITES DE INSCRICIÓN

1. O alumnado **só poderá inscribirse nunha única quenda por actividade**. (Por exemplo, das 4 horas de Pilates só poderá escoller unha opción).
2. O alumnado maior de 16 anos **só poderá solicitar a inscrición nunha das 3 seguintes actividades: pilates, ioga ou ximnasia de mantemento** para maiores. (De existir prazas vacantes anunciarase polas canles correspondentes e o alumnado poderá solicitar participar nunha segunda actividade).

Non respetar os puntos anteriores **conlevará a anulación automática da solicitude**.

3.5. NÚMERO MÍNIMO DE INSCRITOS E REAGRUPACIÓNS

As actividades deportivas deberán contar en cada quenda como mínimo, cun 50% de inscricións respecto as prazas ofertadas.

No caso de que nalgunha quenda non se alcance dito mínimo, e sempre e cando haxa vacantes noutra e se conte, ademáis, co visto bo do técnico correspondente, propoñerase a este alumnado a participación nun grupo distinto ao solicitado.

No caso de que o grupo de referencia dun alumno/a se complete poderase recolocar no seguinte grupo de idade a aqueles inscritos/as de maior idade dando preferencia para o cambio de grupo aos que repitan matrícula. No caso de quedar prazas vacantes e unha vez acordado coas familias, de ser posible, poderanse modificar os grupos para reagrupalos por niveis e experiencia.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

3.6. CRITERIO DE SELECCIÓN PARA MENORES DE IDADE

- **Primeiro:** antigüidade na escola deportiva municipal.
- **Segundo:** sorteo de prazas.

3.7. LISTAXES DE AGARDA

No caso de que o número de solicitudes supere ao número de prazas ofertadas, realizarase un sorteo en sesión pública con medios electrónicos. As persoas que non obteñan praza pasarán a formar parte da lista de agarda, sendo chamados a ocupar unha vacante de ser o caso.

3.8. PROCEDEMENTO DO SORTEO

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades de todos os solicitantes e que todos teñan as mesmas probabilidades de obter unha praza, establécese o seguinte procedemento:

- Ordenaranse as solicitudes.
- Asignaráselle a cada solicitante un número.
- Realízase o sorteo informático aleatorio dos números asignados a cada solicitante en función do número de prazas que corresponda a cada actividade.

A data do sorteo público, de ser preciso, publicarase por medios electrónicos.

3.9. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE AGARDA E QUENDAS SEN EFECTO

A listaxes provisionais de agarda e as quendas sen efecto por falta de inscritos publicarase **non antes de que transcurran 7 días** dende a data de finalización do período de inscrición. As restantes solicitudes do alumnado non publicadas nestas listaxes consideraranse admitidas, obtendo a praza solicitada e recibirán unha notificación por SMS ou medios electrónicos.

Os solicitantes que o desexen poderán efectuar reclamacións contra estas listaxes ou contra a notificación por SMS a través de medios electrónicos na sede electrónica, no correo: deportes@vilalba.es ou presencialmente no rexistro xeral do Concello, durante **un prazo de 3 días** a contar dende o día seguinte á publicación de ditas listaxes ou da data de envío do SMS.

No caso de non existir reclamacións ou variacións que afecten ó listado provisional, este elevarase a definitivo.

3.10. PERÍODOS PARA DARSE DE BAIXA UNHA VEZ COMEZADO O CURSO

Establécense os seguintes períodos para darse de baixa nas actividades, outorgando ao alumnado a posibilidade de contar cun período de proba inicial nas actividades:





Concello de Vilalba

- Do 22 ao 31 de outubro de 2025 (sen cargo en conta)
- Do 21 ao 30 de xaneiro 2026

As baixas solicitaranse preferentemente por medios electrónicos, na sede electrónica ou presencialmente no rexistro xeral do Concello, transcurrido ditos períodos non se poderán tramitar baixas nas actividades deportivas.

4. NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO

Os técnicos responsables de impartir as actividades levarán un control da asistencia aos cursos.

Establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria do 60% das sesións do curso. O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% do total das sesións, sendo esta unha situación excepcional.

Non se requerirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia, non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada, agás naqueles casos de falta de asistencia por enfermidade ou por motivos laborais ou de conciliación familiar, debendo o alumnado poñelo en coñecemento do monitorado ou do SMD.

No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia (exceptuando os casos de enfermidade ou conciliación laboral e familiar), e sobre todo naquelas actividades nas que exista lista de agarda, o alumnado debe causar baixa sen dereito a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

4.1. CALENDARIO DE ACTIVIDADES

De xeito xeral, o calendario das escolas deportivas municipais coincidirá co calendario escolar local, terá unha duración de 8 meses a contar dende a data de inicio das mesmas, sendo a **data estimada prevista** de comezo o 6 de outubro de 2025 e a data prevista de fin o 6 de xuño de 2026; **ambas datas poderán retrasarse** en caso de necesidade por motivos organizativos, imprevistos ou de calquera outra índole.

5. SUSPENSIÓN E RECUPERACIÓN DAS CLASES

As clases ou sesións de adestramento poderán suspenderse puntualmente por factores de distinta índole. O SMD co visto bó do técnico responsable da actividade, acordarán unha data para recuperar a sesión cancelada, que por motivos de calendario coincidirán cos períodos vacacionais do Nadal, Entroido, Semana Santa ou en última instancia durante o mes xuño despois do día 6 do citado mes. A imposibilidade de recuperar clases non dará dereito ao alumnado a percibir a devolución proporcional da correspondente taxa.

No caso de suspensión, ben o SMD por sms, ou ben, o técnico responsable da escola deportiva por medios electrónicos, comunicarán dito feito ao alumnado coa maior brevedade posible e tan pronto se coñezan os factores que impidan o desenrolo normal das clases ou adestramentos.





Concello de Vilalba

6. OFERTA DE ACTIVIDADES

No **anexo** das presentes bases, especifícase a oferta de actividades deportivas, horarios, instalacións, idades dos participantes por quenda, e número de prazas, ascendendo o total ofertado a **662**.

As instalacións ou horarios das escolas poderán sufrir modificacións ao longo do curso logo do informe motivado do técnico municipal.

6.1. NORMAS XERAIS

- Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2025.
- É aconsellable someterse a un **recoñecemento médico previo**, antes de iniciar as prácticas, sobre todo, aqueles usuarios que permanecesen inactivos deportivamente durante algún tempo ou que presenten patoloxías que poidan afectar á práctica deportiva
- O **material deportivo individual** necesario para cada modalidade deportiva será achegado polo alumnado, como por exemplo: raquetas, esterillas, zapatillas, bicicletas, patíns, etc... o resto do material deportivo, será proporcionado polos monitores de cada curso.
- O alumnado contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obligatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as sesións, o alumnado debe poñelo inmediatamente en coñecemento dos monitores e nun prazo de 24 horas informar ao SMD para tramitar o correspondente parte de accidentes.
- O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios e se fose necesario deixalos sen efecto
- No caso de que ante situacións excepcionais imprevisibles, as autoridades competentes impoñan restriccións que afecten ás actividades, e polo tanto, impliquen modificacións de aforos, faránse divisións dos grupos de adestramento, redistribuindo os seus compoñentes entre os horarios de adestramento.
- A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución dos prezos públicos aboados.
- Coa presentación da solicitude o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sanitaria en vigor así como calquer outra subseguinte.
- Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD ou os monitores das

Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

modalidades deportivas.

- Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Vilalba, pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades das escolas deportivas municipais 2024-25, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.
- De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2024-25, do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e, no seu caso, Social Cloud S.L., como encargado do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das escolas deportivas municipais 2023-24. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.

7. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO

1. O alumnado non asistirá se presenta febre, síntomas dalgunha enfermidade contaxiosa, comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumprimento.
2. O horario asignado será riguroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo.
3. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as sesións.
4. O alumnado virá vestido coa roupa que utilizarán durante a actividade deportiva.
5. O alumnado acudirá cunha única mochila ou similar para gardar os seus efectos persoais debendo ser custodiados polo propio alumnado, recomendando acudir con bebida.
6. O alumnado non poderá compartir alimentos, bebidas ou similares, o seu uso será individual.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

7. O alumnado non poderá empregar teléfonos móbiles ou outros obxectos axenos aos adestramentos durante os mesmos.
8. O alumnado cumprirá calquer normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes que modifique os protocolos vixentes no momento de aprobar estas Bases.
9. Nas instalacións pechadas é recomendable manter a **máxima ventilación natural permanente** na instalación.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS

A inscrición e participación nas Escolas Deportivas Municipais 2025-26 supón a aceptación das normas.

9. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Ordenanza fiscal Nº 33. Reguladora da taxa por prestación dos servizos públicos das instalacións e escolas deportivas, campamentos de verán e outros servizos análogos.



ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS VILALBA 2025-26

Inscripcións
do 10 ao 19 de setembro
sede electrónica
sporttia.com
ou presencial



Comezo do curso o 6 de outubro.

+ info 982510761 e deportes@vilalba.es



Concello de Vilalba



HORARIOS ESCOLAS DEPORTIVAS

MUNICIPAIS 2025 – 26

DEPORTE	GRUPO	DÍAS	HORARIO	INSTALACIÓN	IDADES	PAZAS
BALONCESTO	Quenda 1	Mércores Venres	18:30-19:30 17:00-18:00	Pav. Municipal IES	+5 anos (2020 e 2015)	24
	Quenda 2	Mércores Venres	19:30-20:30 18:00-19:00	Pav. Municipal IES	+ 11 anos (2014 e anteriores)	24
FÚTBOL	Biberón	Mércores Venres	16:00-17:30 17:00-18:30	Artificial Mato Vizoso	(+4 anos) 2021 e 2020	24
	Prebenxamín	Luns Mércores	16:00-17:30 16:00-17:30	Artificial	(+6 anos) 2019 e 2018	24
FÚTBOL SALA	Prebenxamín	Martes e xoves	16:30-17:30	Municipal / IES	(+5 anos) 2020 e 2018	32
	Benxamín	Mércores e venres	16:30-17:30	Municipal / IES / Insua	(+8 anos) 2017 e 2016	32
	Alevín	Martes e xoves	17:30-18:30	Municipal / IES / Insua	(+10 anos) 2015 e 2014	32
JUDO	Menores 1	Martes e xoves	19:00-20:00	Sala de Judo	(+3 anos) 2022 e 2017	8
	Menores 2	Martes e xoves	20:00-21:00		(+9 anos) 2016 e 2011	8
	Senior 3	Martes e xoves	21:00-22:00		(+15 anos) 2010 e anteriores	8
LOITA OLÍMPICA	Familiarización	Mércores e venres	17:00-18:00	Sala de Loita	(+ 5 anos) 2020 – 2019	20
	Iniciación	Luns, mércores e venres	18:00-19:00		(+ 7 anos) 2018 – 2017	18
	Perfeccionamento	Luns, mércores e venres	19:00-20:00		(+ 9 anos) 2016 – 2014	18
TENIS	Prebenxamín	Luns	17:00-18:00	Mato Vizoso	(+5 anos) 2020 e 2017	12
		Mércores	16:30-17:30			
	Benxamín	Luns	18:00-19:00	Mato Vizoso	(+9 anos) 2016 e 2015	12
		Mércores	17:30-18:30			
	Alevín	Luns	19:00-20:00	Mato Vizoso	(+11 anos) 2014 e 2013	8
		Mércores	18:30-19:30			
TENIS DE MESA	Infantil	Luns	20:00-21:00	Mato Vizoso	(+13 anos) 2012 e 2011	8
		Venres	16:30-17:30			
	Absoluto	Mércores	19:30-20:30	Mato Vizoso	(+15 anos) 2010 e anteriores	8
		Venres	17:30-18:30			
	Iniciación	Martes e xoves	17:30-18:30	Mato Vizoso	(+5 anos) 2020 e 2014	18
	Perfeccionamento	Martes e xoves	18:30-20:00	Mato Vizoso	(+12 anos) 2013 e 2010	18
TRIATLON	Competición	Martes e xoves	20:00-21:30	Mato Vizoso	(+16 anos) 2009 e anteriores	18
	Grupo único	Requisito para participar na escola: saber nadar Os alumnos non poderán participar nas competicións				
		Martes	16:30-17:30 17:30-18:30	Pistas atletismo Piscina municipal	(+ 6 anos) 2019 e 2011	12
XIMNASIA RÍTMICA	Prebenxamín – Infantil	Luns	17:00-18:00	Municipal	(+4 anos) 2021 e 2019	24
	Biberón – prebenxamín	Luns	18:00-19:00		(+7 anos) 2018 e anteriores	24
RUGBI	Grupo único	Martes e xoves	16:30-18:00	Anexo Natural	(+ 5 anos) 2020 a 2012	20
IOGA	Quenda 1	Martes e xoves	19:30-20:30	Sala polivalente Casa Xuventude	(+16 anos) 2009 e anteriores	16
	Quenda 2	Martes e xoves	20:30-21:30			16
PILATES	Quenda 1	Luns e mércores	18:00-19:00	Pav. IES Basanta Silva	(+16 anos) 2009 e anteriores	24
	Quenda 2	Luns e mércores	19:00-20:00			24
	Quenda 3	Lun e mércores	20:00-21:00			24
	Quenda 4	Luns e mércores	21:00-22:00			24
XIMNASIA MANTENIMENTO Maiores	Quenda 1	Martes e xoves	18:30-19:30	Pav. IES Basanta Silva	(+ 50 anos) 1975 e anteriores	24
	Quenda 2	Martes e xoves	19:30-20:30			24
PATINAXE	Iniciación 1	Luns e mércores	17:00-18:00	Insua Bermúdez	(+ 4 anos) 2021 e 2014	16
	Perfeccionamento 2	Luns e mércores	18:00-19:00		(+4 anos) 2021 e 2014	16

